



## ANEXO A PROGRAMACIÓN

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA  
CURSO: 2019/2020  
MATERIA: VIOLONCELLO  
DEPARTAMENTO: CORDA PULSADA  
DATA: 5/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Mínimos esixibles.**
- 2. Procedementos de avaliación e cualificación.**
- 3. Criterios de cualificación.**
- 4. Instrumentos de avaliación.**
- 5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)**
- 6. Información e publicidade.**

## **1 Mínimos esixibles:**

PARA TODO O ALUMNADO, aplicaranse os contemplados na programación de violonchelo ata a segunda avaliación.

[http://www.cmusprofesionalcoruna.es/wp-content/uploads/2019/10/Programación\\_Violoncello\\_19-20.pdf](http://www.cmusprofesionalcoruna.es/wp-content/uploads/2019/10/Programación_Violoncello_19-20.pdf)

Os da terceira avaliación serán aplicados no seguinte curso no caso dos alumnos que non os superasen neste período.

## **2 Procedementos de avaliación e cualificación**

Observación da actividade desenvolvida na terceira avaliación ou nas actividades de recuperación propostas mediante a gravación de vídeos, audios, videochamada... ou calquera outro medio telemático.

O alumnado coa segunda avaliación suspensa ou que non puido ser avaliado de maneira continua, realizará unha proba individual, para a que será convocado por correo electrónico e a través de Centrosnet. A cualificación final será a cualificación nesta proba. Esta proba realizarase telemáticamente e polo mesmo medio polo que mantivo o contacto co profesor na terceira avaliación.

## **3 Criterios de avaliación e cualificación**

Empregaranse os que constan na programación de violonchelo, aínda que non serán tidos en conta os criterios de avaliación nin de cualificación que supoñan actividades presenciais.

Alumnado coa segunda avaliación aprobada:

- A nota da terceira avaliación e cualificación final será a media entre a nota da primeira e da segunda, sempre que o resultado non sexa inferior á nota da segunda avaliación. Neste caso manterase a nota da segunda avaliación.
- A cualificación final poderá aumentarse ata 2 puntos en función das actividades desenvolvidas polo alumno na terceira avaliación.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 3	CENTRO: CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA • CURSO:2019/2020 MATERIA: ARPA
---	---------------	--

Alumnado coa segunda avaliación suspensa ou que non puido ser avaliado de maneira continua:

A cualificación final será o resultado da proba individual á que fai referencia o apartado 2.

#### **4 Instrumentos de avaliación**

Métodos telemáticos: videochamadas, gravacións de vídeos ou audios, aulas virtuais...

#### **5 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)**

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para o alumno.

#### **6 Información e publicidade**

A adaptación da programación para o terceiro trimestre será remitida a Inspección Educativa, as familias a través da plataforma Centros Net e correo electrónico. Ademais colgarase na páxina web do Centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 3	<b>CENTRO:</b> CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA • <b>CURSO:</b> 2019/2020 <b>MATERIA:</b> ARPA
--	---------------	---